




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Porto do Son e Lousame ao sueste. Parroquias: en Porto do Son San Martiño de Miñortos ao norte, San Sadurniño de Goiáns no centro, e Santa María de Nebra ao sudoeste; e ao sueste, San Xoán de Camboño en Lousame. Extensión: 9,28 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ampla chaira costeira de perfil suave, situada ao pé dunha das elevacións montañosas da Serra do Barbanza. A considerable altitude destes relevos e a proximidade ao mar, explican que nas súas ladeiras se observen pendentes superiores ao 50%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pódense establecer dous sectores con orientación xeral das unidades litolóxicas de NNO -SSE: O sector norte, incluíndo unha banda que alcanza a esquina sueste, componse dun dominio do ortogneis glandular Preherciniano, no que aparecen algúns enclaves alongados de diferentes tamaños de granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza, nalgún dos cales aparecen diques de cuarzo. O sector sur, está dominado por ese granito "Tipo Barbanza", contando no interior da unidade con enclaves relativamente extensos e alongados de xistos con niveis de cuarzitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, con Idade precámbrico-silúrica. Existe un dique de pegmo-aplita en Portosín, non barrio do Mariño e outro de cuarzo na Punta de Cedeira, límite sudoeste da unidade. No Cuaternario só se sinalan depósitos de praia, especialmente nos areais de Ornanda e Gafa.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Transición climática de costa a interior directamente relacionada co incremento da altitude. A franxa costeira forma parte do ambiente climático Cálida e Húmida definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1200 mm e 1400 mm ao ano; a amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A vertente está máis exposta ás masas de aire húmidas oceánicas polo que as precipitacións aumentan progresivamente observándose dous rangos: de 1400 mm a 1800 mm, dominio Moi Húmido a media ladeira, e de 1800 mm a 2000 mm no alto do Monte Iroite que define o dominio Hiperhúmido e Temperado pois a temperatura media é lixeiramente máis baixa situándose entre 12°C e 14°C.

OS SOLOS

Na parte alta da unidade e nas pendentes máis acusadas (vertente superior do Monte Iroite) localízanse os solos máis pobres e pouco profundos do tipo regosol ou mesmo leptosol lítico onde hai un predominio dos afloramentos rochosos. A vertente está formada principalmente por unha secuencia de regosoles e umbrisoles dando paso na parte baixa aos cambisoles dístricos ou eútricos que pasan a ser os solos máis frecuentes na franxa costeira de topografía máis suave. Esta secuencia vese interrompida polos antrosolos do ámbito urbano de Portosín. Hai que engadir finalmente a presenza de arenosoles en depósitos sedimentarios costeiros como a praia de Coira.


AS AUGAS

Bañada completamente polas Augas Costeiras da Ría de Muros e Noia (20174), esta unidade presenta unha serie de arrosos de dirección sueste - noroeste que conforma a súa rede de drenaxe. Destacan os situados ao sur do núcleo de Portosín, especialmente o arroyo da Igrexa e o Sandián. Algo máis ao norte podería citarse tamén o arroyo Carballar, e ao sur da unidade o arroyo Sancho, que desemboca entre as puntas de Cedeira e Langaño.

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte mixta con tramos máis areosos e outros máis rochosos. Aparece así o hábitat 1230 de acantilados mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, ademais de pequenas áreas dunares (grupo 21, dunas mariñas atlánticas) moi degradadas nas praias de Gafa, coira e Laraño. No interior non destaca ningún hábitat en especial, sendo un sector bastante transformado urbanisticamente e forestalmente. Non abundan as frondosas de recolonización sendo as estreitas e descontinuas masas ripícolas de pequenos arrosos as que achegan máis importancia. Neste sentido, achegan máis os regos de Carballar e Sandián, e case nada os de Goiáns ao norte e de Sancho ao sur. Nas partes altas, afloramentos graníticos suman o ambiente dos hábitats do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica e, acompañando, cando non cobre o eucaliptal, o 4030, breixeiros secos europeos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

No litoral alternanse os areais cos acantilados rochosos e ao norte destaca a densa ocupación urbana no núcleo de Portosín, relacionado coas actividades dun porto pesqueiro de exportacións en fresco e cunha das máis importantes frots de cerco de Galicia. Así mesmo existe unha explotación tradicional dos bancos marisqueiros. Conta cun porto deportivo para embarcacións de recreo, que favoreceu o interese turístico da zona. No fondo da unidade destaca o uso forestal e as formacións vexetais costeiras que o invadiron tras os incendios acaecidos. En contraste con esta zona de relevo accidentado, os fondos planos do val son ocupados por pasteiros e labradíos xunto aos núcleos rurais e as masas dispersas de árbores de repoboación.

MORFOLOXÍA

O núcleo de Portosín, recoñecido como NIL, mostra un proceso de construción intensa con edificacións de diferentes tipoloxías, con alturas e volumes alleos aos tradicionais. Este patrón repítese na periferia do núcleo pola estrada AC-550 e ao longo das súas marxes hai asentamentos espontáneos de forma lineal que se achegan máis á morfotopoxía propia dos núcleos de Valcunheiro, A Silva, Beneso e Mantoño.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 é a vía de comunicación principal dos núcleos desta comarca costeira. Dende esta ramifícanse outras estradas para dar acceso ás praias e cara ao interior para comunicar os núcleos rurais. Hai un paseo marítimo que parte do porto deportivo e conduce ata a praia de Coira. O porto deportivo comunica por mar pequenas embarcacións de recreo coas poboacións da ría de Muros e Noia.


PATRIMONIO HISTÓRICO

A arquitectura civil e relixiosa destacable constitúena casas e construcións tradicionais, por exemplo un conxunto de dous hórreos e muíño ou unha fonte e lavadoiro, todos en Mantoño. A igrexa de San Sadurniño e varios cruceiros na parroquia de Goiáns. Como representación do patrimonio industrial vinculado coas actividades marítimas figuran dúas fábricas de salgadeira en Portosín. O patrimonio arqueolóxico destacable compóñeno principalmente petroglifos e mámoas. As festas típicas de Portosín están dedicadas á patroa dos mariñeiros: a Virxe do Carme cunha procesión marítima como un dos seus maiores atractivos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Varios factores inflúen na importancia de Portosín como núcleo estratéxico na comarca sobre a que se asenta. Por un lado a súa situación estratéxica no medio desta marxe da ría Muros e Noia, unido á importancia da súa actividade do porto pesqueiro e deportivo. Estas circunstancias unidas ás súas excelentes praias entre as que destaca a de Coira, no centro da vila, e a mellora das infraestruturas viarias, contribuíron ao seu desenvolvemento urbanístico. Por outro lado, a unidade mantén o carácter rural grazas aos núcleos que persisten vinculados ao cultivo agrícola existente na chaira litoral. Os demais asentamentos ganduxan o rural e o urbano seguindo o trazado da estrada AC-550

DINÁMICA DA PAISAXE





RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O núcleo urbano de Portosín mantén a súa esencia tradicional grazas ao seu carácter mariñeiro e a un sector turístico que aproveita os seus excelentes areais. Situado nunha chaira costeira cun fondo singular que en primeiro plano ofrece construcións rurais mesturadas con parcelas de labradío e masas de bosquetes, culminando coas impresionantes pendentes das elevacións montañosas ao fondo. Dende o alto de Iroite gózase de boas panorámicas sobre a planicie costeira que caracteriza este ámbito. A arquitectura civil e relixiosa constitúena construcións tradicionais. Como patrimonio industrial vinculado coas actividades marítimas figuran dúas fábricas de salgadeira en Portosín. O patrimonio arqueolóxico destacable compóñeno principalmente petroglifos e mámoas. As festas típicas de Portosín están dedicadas á patroa dos mariñeiros; a Virxe do Carme cunha procesión marítima como un dos seus maiores atractivos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos na fachada litoral da unidade -concretamente no tramo comprendido entre Punta do Castro e Punta Cedeira- co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de desenvolvementos dispersos na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais e sen funcións definidas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior

Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral

Praia / Playa

Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve

Toponimia de costa / Toponimia de costa




Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico

Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m










Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



